

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 11 DE
NOVEMBRO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día once de novembro de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Francisco Javier Varela Tejedor, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona Isabel M^a Fuentes Torices, interventora accidental, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, e antes de examinar o asunto incluído na orde do día da convocatoria, o Sr. presidente manifesta que, logo da Xunta de Voceiros que acaba de ter lugar, en nome de todos os grupos políticos representados no concello, quere ler un manifesto contra a violencia de xénero, en relación co suceso acaecido no día de hoxe e que afecta a un veciño do Concello de Cambre. O texto pactado consta do seguinte teor literal:

*“O Concello de Cambre, e toda a corporación por unanimidade de todos os grupos nela representados, manifesta o seu profundo rexeitamento a calquera forma de violencia contra as mulleres, como a que no día de hoxe provocou o asasinato doutra muller a mans dun veciño do noso concello, que eleva xa a **66** as mortes durante 2008.*

O Concello de Cambre considera a loita pola igualdade no marco da diversidade, como o máis importante eixe vertebrador dunha sociedade sa e libre para todos e todas.

A violencia que se exerce contra as mulleres mina os dereitos fundamentais de todas as persoas e debilita a democracia ao considerar que a metade da cidadanía do mundo pode ser asasinada, maltratada, violada, humillada, discriminada, psicoloxicamente anulada... polo mero feito de ser mulleres.

Sendo como é a Violencia de Xénero un problema de primeira magnitude que conmove e afecta a toda a cidadanía, é necesario que todas as forzas políticas xuntemos os nosos esforzos e poñamos todo o noso empeño e vontade para que, quen a sofre, as vítimas, recuperen a súa dignidade, a súa estabilidade emocional e os seus dereitos plenos de cidadanía.

Ningunha lei consegue os seus fins de maneira satisfactoria nin de forma inmediata sen que empape plenamente ao tecido social ao que vai dirixido. E menos a Lei integral contra a violencia de xénero, tanto a nivel estatal como autonómico, que debe loitar contra atavismos machistas profundamente arraigados na nosa cultura. Por iso e como requisito indispensable para que a Lei integral contra a violencia de xénero, tanto a estatal como a autonómica, sexa totalmente eficaz, toda a sociedade española e galega, en concreto, debe esforzarse, tanto individual como colectivamente, en levar a cabo un profundo labor de sensibilización, rexeitamento, prevención e educación que remova e destrúa o silencio, a complicidade, o escurantismo e a crueldade que emanan desta violencia contra as mulleres.

Desde os fogares, na escola, nos centros de traballo, na Universidade e en todos e cada un dos ámbitos da nosa sociedade, cada cidadán e cada institución, pública ou privada, teñen o deber e a misión fundamental de cooperar para educar en igualdade, sensibilizar á cidadanía, romper o cerco de silencio, previr o maltrato e denuncialo desde as súas primeiras manifestacións.

Son todas elas responsabilidades que temos que asumir e non deixar pasar se queremos conseguir terminar coa violencia de xénero.

Por todo isto desde o Concello de Cambre, desde toda a súa corporación, facemos un chamamento común a toda a cidadanía, para defender firme e enerxicamente a defensa da liberdade, autonomía e seguridade das mulleres. Para intensificar os esforzos, para concienciar e sensibilizar á cidadanía contra os delitos como o ocorrido no día de hoxe cun protagonismo indesexado dun veciño do noso Concello.”

Trala lectura do manifesto, don Francisco Javier Varela Tejedor, di que convoca a todos os veciños de Cambre a unha concentración que terá lugar mañá día 12, cunha convocatoria

institucional da Xunta de Galicia, ás 12:00 horas da mañá, para rexeitar publicamente na porta do concello ese tipo de violencia. Tamén anuncia que a Marcha mundial das mulleres ten previsto unha convocatoria o día 30, tamén na porta do concello, en rexeitamento dese tipo de actitudes. Roga a maior colaboración de todos os concelleiros, de todos os grupos políticos, de toda a cidadanía, para intentar, na medida en que a cada un lle sexa posible dentro do seu ámbito, loitar contra esa eiva indiscriminada.

A continuación abre unha breve quenda de intervencións para que todos os grupos poidan manifestar a súa posición sobre o tema.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo está totalmente de acordo co manifesto lido. Consideran que a discriminación cara á muller é un feito contra o que teñen que loitar todos, e por iso apoian tanto a manifestación, como todos os actos que se van a levar a cabo.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo coincide totalmente co manifesto acordado por todos os grupos políticos na Xunta de Voceiros. Pensa que non é o momento das palabras, e que hai un labor institucional moi forte que se ten desenvolvido nos últimos tempos. Cada vez hai unha maior conciencia na cidadanía de colaboración, e non de mirar pasivamente ese tipo de situacións, e di que o que teñen que facer os responsables públicos é promover, apoiar e impulsar esas actitudes activas en contra dese terrible fenómeno. É un momento solemne de sumar esforzos en contra desa situación.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que o seu grupo asume totalmente o manifesto pactado por todos os grupos, e rexeita, unha vez máis, todo tipo de violencia. Di que mañá secundarán e que se mobilizarán, dentro da medida do posible, con todas as súas forzas, para que a xente tamén secunde o acto convocado na porta do concello, así como todas e cantas concentracións se fagan por este motivo, e desexan que Cambre non volva saír nos xornais por este tipo de cousas.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que o seu grupo tamén está de acordo co manifesto, e anima a todos os veciños e veciñas do Concello de Cambre a que asistan a estas convocatorias para condenar os actos de violencia de xénero.

O Sr. presidente agradece as intervencións e amosa o seu orgullo por pertencer a unha corporación que manifesta esa solidariedade e sensibilización por un problema como do que están a falar. Roga a todos os asistentes á sesión plenaria que se poñan en pé co fin de

manter un minuto de silencio como protesta ante o tema da violencia de xénero.

A continuación, examínase o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1º Proposta de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais n.º 1, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 18 e 20 para o exercicio 2009

A secretaria da corporación informa que a Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica, de data 10 de novembro de 2008, en votación ordinaria, por dous votos a prol correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE e BNG, un voto en contra correspondente ao concelleiro do GM (PG), e dúas abstencións correspondentes aos concelleiros do PP e EU-IU, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordos para o pleno da corporación:

“Primeiro: Aprobar provisionalmente para o exercicio 2009 e seguintes as modificacións das ordenanzas fiscais que a continuación se relacionan, segundo o texto incluído como anexo á proposta do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego, de data 23 de outubro de 2008 como parte integrante do presente acordo:

- Ordenanza fiscal n.º 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles: Modifícase o artigo 4º segundo a proposta, e coas rectificacións que se inclúan pola Intervención municipal para facilitar a xestión das solicitudes de bonificación, das que se dará conta no pleno para a súa aprobación, se procede.
- Ordenanza fiscal n.º 3, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica: Modifícase o artigo 1º.
- Ordenanza fiscal n.º 4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras: Modifícase o artigo 3º.
- Ordenanza fiscal n.º 5, reguladora do imposto sobre incrementos de valor dos terreos de natureza urbana: Modifícanse os artigos 6º e 9º.
- Ordenanza fiscal n.º 9, reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros: Modifícase o artigo 5º.

- Ordenanza fiscal n.º 15, reguladora da taxa por subministración de auga: Modifícanse os artigos 5º e 6º .

Segundo: As ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas nos acordos precedentes, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

Terceiro: As citadas modificacións comezarán a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2009, e manteranse vixentes ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cuarto: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto das modificacións aprobadas.

Sexto: Deixar sobre a mesa a modificación das Ordenanzas fiscais n.º 6, 7, 10, 11, 12, 13, 14, 16, 18 e 20, incluídas na proposta do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego de data 23 de outubro de 2008, co fin de que se complete o seu estudo e se achegue a documentación necesaria.”

Toma a palabra o alcalde en funcións don Francisco Javier Varela Tejedor para sinalar que, antes de dar a palabra a cada un dos representantes dos distintos grupos políticos para que manifesten a súa postura ao respecto, quere agradecer publicamente a colaboración de todos os grupos na discusión destas ordenanzas, e singularmente a colaboración expresa do BNG nas propostas que se incorporan ás modificacións previstas nas ordenanzas que se van a someter ao pleno.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro de Facenda, Comercio e Emprego, en primeiro lugar, quere preguntar á secretaria municipal sobre a

necesidade de emitir un voto particular para dar entrada ás modificacións acordadas no día de onte na comisión informativa que tivo lugar.

A secretaria da corporación informa que o voto particular, tal e como está definido no Regulamento orgánico municipal, esixe que se acompañe ao ditame dende o día seguinte a súa aprobación pola comisión. Di que a comisión informativa foi onte, polo que o voto particular debería estar dende hoxe, e debería haberse presentado a través do Rexistro de Entrada do concello. Non obstante, cre que o estivo preparando a interventora accidental, e que o ten o Sr. concelleiro de Facenda. O que habería que facer é que, unha vez que o Sr. concelleiro explique a modificación que se pretende introducir, segundo se quedou na comisión informativa de onte, habería que votar esa modificación previamente, porque estase modificando o ditame emitido. Se se aproba esa modificación, despois xa se pasaría a votar o ditame da comisión informativa.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal sinala que o grupo socialista quere agradecer a postura de diálogo que tivo con eles o BNG, xa que estas ordenanzas e acordos foron tamén froito dun diálogo, ao seu xuízo frutífero, e que constitúe un novo impulso no carácter social que ten a súa política.

Di que a Intervención fixera unha advertencia sobre a redacción da bonificación no Imposto de bens inmobles, que non era tanto a causa da imposibilidade desa bonificación como que da súa redacción se interpretaba que era de difícil cumprimento. A Intervención municipal recomendaba unha nova redacción, que xa foi elaborada, e que é a que se trae agora a debate. O espírito, non obstante, non cambia, só cambia o aspecto formal. O espírito é que ás familias numerosas se lles van facer bonificacións que van a ir do 20% ao 40% da cota tributaria á hora de pagar o Imposto sobre bens inmobles. Fixáronse uns tramos do 20%, 30% e 40% en función do que se denomina familia numerosa, que é unha terminoloxía utilizada que é máis ampla do que normalmente se adoita entender, porque por exemplo estarían incluídas as familias monoparentais con dous membros, familias con fillos con discapacidades, etc.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que a postura do seu grupo é clara. O informe que se presentou onte á comisión informativa, que foi o único que se puido ditaminar, dicía que era unha bonificación ilegal. Di que supón que terán a posibilidade de debater esa bonificación no próximo debate sobre o conxunto das modificacións, e poñela en referencia cunha moción que o PP presentou en setembro do ano pasado, na que solicitaban que a todas as familias con fillos menores de tres anos se lles fixese unha redución en determinados impostos. Durante ese pleno, esa moción tivo que ser

retirada para que se fixese un informe por Intervención, porque o grupo de goberno, coa opinión da interventora, que é unha opinión válida e é a mesma que se expresa no actual informe, dixo que probablemente fora unha bonificación ilegal.

Di que o que en setembro do ano pasado era ilegal, segundo o grupo de goberno, agora resulta que o están recubrindo como unha posición social. Nesta modificación que están debatendo modifícase a redacción, pero o informe da Intervención, nos escasos dous minutos que tivo para miralo, di exactamente o mesmo, que isto vai a seguir sendo ilegal, independentemente da redacción. Por iso a súa posición é a que defenderon na comisión de onte, que é que este pleno debería suspenderse para poder tratar co debido respecto, os intereses de todos os veciños, porque do que están falando é de impostos, non están falando de reparar unha rede de sumidoiros, senón de algo que toca ao peto de todos os veciños e que, por tanto, deberían tratalo co máximo dos coidados.

Continúa dicindo que non están en contra de ningunha das bonificacións, sempre que estas sexan en prol de colectivos desfavorecidos lles parecen oportunas, pero como tamén di o informe da Intervención, estase proponendo unha bonificación que non fai referencia ao nivel de renda das familias, senón que simplemente fai referencia ao número de membros, de xeito que pode ser unha familia numerosa multimillonaria e, non obstante, pagar menos do que está pagando unha familia na máis absoluta das pobrezaas. Parécelles unha modificación totalmente inxusta, aínda que quere deixar claro, que non están en contra de bonificacións que poidan beneficiar a determinadas familias que están en problemas.

Por todo o anterior, di que o voto do seu grupo, tanto nesta como na próxima votación, será de abstención.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal dille ao Sr. Andreu que todo o que dixo é certo, pero que non é o que eles lles presentaron. Ten razón en que unhas bonificacións vinculadas unicamente a familias numerosas poderían non ter acomodo, pero no que eles presentaron incluíron que tamén vai estar vinculado á renda. Di que iso xa viña onte na proposta, e que o PP non a debeu ler ben, porque eles teñen as bonificacións vinculadas á renda, e se queren pode lerlles o parágrafo completo.

A Sra. interventora accidental explica que do que están falando e informando agora mesmo é da modificación do IBI na bonificación, que iso si que o permite a lei, e que onte se dixo que a Intervención non estaba de acordo porque non se recollía o procedemento para aplicala e, polo tanto, resultaba inaplicable.

Di que agora do que están falando é de que se modifica a proposta presentada onte, de acordo co que se falou na comisión e, polo tanto, modifícase e concrétase o ditame emitido. Despois haberá que votar o resto.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal di que modifican o que se ditaminou onte e que agora o que se di é: *“Esta bonificación concederáse a petición do interesado, exclusivamente para a súa vivenda habitual, e sempre que a renda da unidade familiar non supere a cantidade resultante de multiplicar o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), polo número de membros da unidade familiar. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que ditos ingresos. O número de fillos acreditaráse mediante a presentación do carné de familia numerosa.”* Di que non nega ao Sr. Andreu Barallobre, pero supón que é un parágrafo que se lles despistou.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que houbo un erro, xa que el pensaba que estaban debatendo a modificación da ordenanza de subministración de auga cando están coa ordenanza do IBI.

A secretaria da corporación aclara que o que están tratando agora é a Ordenanza n.º 1, que é a que se modifica respecto do ditame emitido onte na comisión informativa. Di que o texto que se ditaminou onte na comisión é o mesmo que se trae hoxe, salvo o art. 4 da Ordenanza n.º 1 que se modificou precisamente para cumprir co que dicía Intervención. Iso é do que tratan agora.

Don Francisco Javier Varela Tejedor aclara que o que van a votar agora é exclusivamente a modificación á proposta da Ordenanza fiscal n.º 1, porque é a que supón unha modificación do ditame da comisión informativa.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo xa ditaminou favorablemente a modificación da ordenanza na comisión informativa. Di que o que se fai hoxe é modificar e mellorar o texto de acordo coas recomendacións e informe da Intervención municipal, sen modificar para nada o fondo da cuestión, é plenamente legal e, polo tanto, manteñen a mesma posición que tiveron onte, e votan a prol deste voto particular.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que o seu grupo vai votar a prol da modificación, e xa adianta que vai ser a única modificación dunha ordenanza respecto da que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que na comisión informativa dixo que estaba en contra de todas as modificacións das ordenanzas, visto o paquete que viña, e pensando que se ían votar todas en conxunto, pero como se trata dunha votación individualizada, di que, en concreto, respecto da modificación da Ordenanza fiscal n.º 1 vai votar a prol, porque o único que se modifica son as bonificacións que se poden dar ás familias, e non se aumenta para nada o gravame que supón.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol.

Sometido a votación ordinaria o voto particular presentado polo concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego respecto do artigo 4º da Ordenanza Fiscal n.º 1, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Aprobar a proposta de modificación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica, de data 10 de novembro de 2008, e aprobar provisionalmente a modificación do artigo 4º da Ordenanza fiscal n.º 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles que queda redactado como segue:

“Artigo 4º. – Bonificacións

A.- Terán dereito a unha bonificación do 50 por cento sobre o cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova coma de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

1. O prazo de aplicación desta bonificación abranguerá desde o período impositivo seguinte ó correspondente ó inicio das obras e ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, sen que, en ningún caso, a bonificación poida aplicarse a máis de tres períodos impositivos.

2. Para o disfrute desta bonificación, os interesados deberán presentar escrito dirixido ó Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de A Coruña durante o ano correspondente ó inicio das obras, debendo achegar a seguinte documentación:

a) *Copia do recibo do Imposto sobre bens inmobles, correspondente ó inmovible ó que se refire a solicitude de exención. No caso de que non se dispoña do mesmo, certificación expedida pola Xerencia territorial do Catastro de A Coruña-Provincia, no que se faga constar a referencia catastral do referido inmovible.*

b) *Certificado da concesión da preceptiva licenza municipal que autorice a realización das obras.*

c) *Certificación do Técnico-Director das obras de construción, visado polo Colexio Oficial competente, no que se indique a data de inicio das obras.*

d) *Documentación que acredite que o inmovible para o que se solicita a bonificación non figura entre os bens do inmovilizado da empresa: cédula de calificación provisional, no caso de vivendas de protección oficial, fotocopia do derradeiro balance de situación presentado ante Facenda ou certificación do censor xurado de contas, no que se faga constar tal circunstancia.*

e) *Documentación pola que se acredite que os inmobles ós que afectan as obras constitúe o obxecto da empresa de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria: fotocopia dos Estatutos sociais ou fotocopia da declaración de alta no Imposto sobre Actividades Económicas.*

3. *Á vista da documentación presentada, a Excm. Deputación Provincial ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só surtirá efectos para o período impositivo seguinte ó inicio das obras, debendo solicitarse expresamente a súa prórroga para os dous períodos impositivos seguintes, achegando a documentación que acredite que se seguen a cumpri-los requisitos establecidos anteriormente. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido no apartado 2, dará lugar a inadmisión da mesma e a conseguinte denegación da bonificación.*

B.- *Terán dereito a unha bonificación de entre o 20 e o 40 por cento na cota íntegra do imposto, aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, de acordo cos seguintes categorías:*

- *Bonificación do 20 por cento para aqueles suxeitos pasivos titulares da condición de familia numerosa xeral.*
- *Bonificación do 40 por cento para aqueles suxeitos pasivos titulares da condición de familia numerosa especial.*

Esta bonificación concederáse a petición do interesado, exclusivamente para a súa vivenda habitual, e sempre que a renda da unidade familiar non supere a cantidade resultante de multiplicar o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), polo número de membros da unidade familiar. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que ditos ingresos. O número de fillos acreditaráse mediante a presentación do carné de familia numerosa.

Para o disfrute desta bonificación en cada exercicio, os interesados deberán presentar escrito dirixido á Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de A Coruña do 1 de xaneiro ao 31 de marzo do ano correspondente, debendo achegar a seguinte documentación:

- *Acreditación de categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.*
- *Xustificante de empadronamento do titular da familia numerosa, referido a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior, no que consten os membros da unidade familiar que conviven con el no inmovible para o que se solicita a bonificación.*
- *Xustificación documental dos ingresos da unidade familiar: copia compulsada da última declaración da renda dos membros da unidade familiar, xustificante de pensións, prestacións sociais, ... e demais ingresos polos que non estén obrigados a declarar.*

Á vista da documentación presentada, a Excmo. Deputación ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só surtirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a de novo nos seguintes períodos impositivos, aportando a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu disfrute. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido dará lugar a súa inadmisión e a conseguinte denegación da bonificación instada.”

Don Francisco Javier Varela Tejedor informa de que a continuación se tratará a modificación da Ordenanza fiscal n.º 3, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, explica que un aspecto importantísimo antes de comezar coa batería de ordenanzas que van a tratar é dicir que aquí non se trata só de falar do que veñen a votar, senón tamén do que veñen a non votar. Quere

salientar que o seu grupo tomou a decisión política, despois de telo falado con outras forzas políticas, e sobre todo telo comentado con calma co BNG, de conxelar determinados prezos públicos, e din conxelar, que non é o mesmo que subir só o IPC, que é o que fixeron outros concellos, algúns deles gobernados polo PP, que chaman conxelar a subir o IPC. En Cambre non van subir nada, é o que noutros lugares chaman redución, pero que eles simplemente denominan subida cero. Non van a subir nada determinados prezos públicos que consideran que son de importancia capital para o peto de moitas familias de Cambre. Así, por exemplo, non van a subir nin o prezo público de actividades culturais, nin o prezo público de actividades extraescolares municipais, nin o prezo público de actividades deportivas de verán, nin o prezo público de actividades xuvenís. Esta é unha decisión de carácter político e, de feito, non traen ningunha subida de ningún prezo público.

Continúa dicindo que aínda que agora vaian a tratar e a analizar as ordenanzas unha a unha, a filosofía e o debate que trouxeron é un debate e filosofía de conxunto. Non trouxeron aquí un conxunto de ocorrencias, senón que traen un conxunto de subidas que foron estudadas no seu conxunto, e para poder conxelar determinadas cousas, e para poder manter os prezos como están, evidentemente hai que subir outras.

Di que en canto á Ordenanza fiscal n.º 3, o que se presenta é unha subida igual ao IPC interanual, é o único cambio que realizaron. É unha ordenanza importante, que supón unha contía importante dos ingresos municipais. En todo caso indica aos Srs. concelleiros que o Concello de Cambre está, por termo medio, por debaixo dos concellos do seu contorno, no que se refire a este imposto.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que quedou sorprendido porque o Sr. Salcines dixo que non ía subir ningún prezo público, e o primeiro que el ve é que aquí non hai ningún prezo público. E o segundo é que o informe de Intervención é claro, nel se di que: “Esta modificación suporá un incremento das cotas tributarias dun 5,2 %”, ou que “Neste caso se propón incrementar o tipo impositivo do imposto, fixándose nun 3,4%.”, etc. É dicir, incrementase, fala de que se incrementa un 5,4 %, un 8,7 %, un 8 %, un 7,5 %,.... O Sr. Salcines di que non están incrementando, pero a Intervención di outra cousa, así que lle gustaría que o puidesen explicar.

Di que, de todas as maneiras, se lles acaba de dar un novo texto, sen ningún tempo para velo, e non puido contrastar se o incremento da Ordenanza n.º 3 é o mesmo do que faláron onte ou se é outro, pero que, en principio, o seu grupo vai apoiar a modificación porque, neste caso, están dentro do IPC, pero repite o mesmo que dixo antes, que os impostos municipais son algo co que deben ter moito, moito coidado, e sobre todo moito respecto para cos

veciños. Di que se lles acaba de entregar un texto para aprobar unhas modificación dunhas ordenanzas fiscais, e que se lles deron dous minutos para estudalas. Quere que lles expliquen como é posible que eles poidan aprobar ou apoiar unha modificación dese estilo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o texto que se trae para aprobar é exactamente o mesmo que tiñan onte na comisión informativa, e que non houbo ningunha modificación de última hora. O incremento, segundo o informe da Intervención, é do 5,2 %, e o informe é totalmente favorable.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que non sabe cal vai ser o método de debate, pero en vista de que por parte tanto da Alcaldía, como dalgún dos voceiros, xa se iniciou un debate de xeneralidade, antes de entrar nas particularidades de cada ordenanza, a el tamén lle gustaría poder comentar algunhas cuestións, entre outras razóns por alusións que se lle fixeron.

Di que coincide co concelleiro do PP en que este é un debate importante, aínda que pareza caótico e de pouco interese na vida política do concello, pero que se teñen en conta que da regulación das ordenanzas depende máis do 50 % do orzamento municipal, supón que se dan de conta do que teñen entre mans.

Di que o BNG fixo un traballo, e aproveita para agradecer as felicitacións recibidas e tamén el as devolve, porque pensa que se fixo un traballo construtivo, aínda que ao 100 % non se puidera chegar ao final de todo, fundamentalmente por cuestións de tramitación, pero que iso é bo para todos, permite sacar cousas adiante e dá unha base para o posterior traballo municipal e para os orzamentos. Despois falará das competencias de cada quen para que as cousas vaian adiante.

Sinala que o BNG se propuxo, e pensa que o logrou, facer un esforzo o último mes para recoller as achegas, algunhas delas xa propostas e rexeitadas hai un ano, e algunhas outras novas, e discutir as liñas mestras que ten que ter a política impositiva do concello. Consideraban que nunha situación de crise como a que se está vivindo, tanto polas familias como polas empresas, debíase facer un esforzo de austeridade, e determinados prezos e taxas que teñen un carácter eminentemente social, non debían subir. Nese punto coincidiron co goberno e, polo tanto, unha boa parte das “non propostas” que non se van debater porque van quedar igual que este ano, aí están. Ao mesmo tempo consideraban que as subidas lóxicas se teñen que dar, posto que os servizos custan, e se non se pagan pola vía das taxas e prezos públicos haberá que pagalos doutra maneira, o que sería aínda máis inxusto e, en todo caso, non poderían ter subidas superiores ao IPC, como así pensa que estaba reflectido no conxunto das propostas, e só nalgún caso especial, particular e moi marxinal, dentro do que é

a contabilidade, podería haber unha subida un pouco maior para equiparala, ou intentar equiparala na liña dos prezos existentes noutros concellos similares a Cambre. Estas foron as liñas mestras, e a maiores hai unha serie de cuestións estrela que consideraban que había que incluír nestas ordenanzas fiscais, e que aí tamén houbo un punto de encontro co equipo de goberno.

Continúa dicindo que o BNG está satisfeito por chegar a eses acordos. Un deles foi a modificación da que se acaba de falar, consistente en incorporar esas bonificacións entre o 20 e o 40%, segundo o tamaño das familias, no imposto de bens inmobles, despois de atender ás pequenas matizacións que facía Intervención. Consideran moi importante, aínda que sexa algo do que van a discutir despois, que se recolla a súa proposta de hai un ano de romper cunha discriminación que se estaba facendo coas familias numerosas, ou unidades de convivencia grandes, que estaban pagando a auga máis cara que outras. Cren que tamén é importante que o imposto das licenzas urbanísticas favoreza ou premie, dalgunha maneira, á autopromoción cun límite de 180.000 euros sobre o orzamento de execución material para a xente que quere facer a súa propia vivenda, é un límite que lles parece razoable. En definitiva, nestes aspectos consideran que o esforzo que fixeron para acadar un acordo foi importante, e vai ser positivo para a cidadanía.

Por outro lado, non deben deixar pasar a ocasión de lamentar que o que era un acordo político que nas comisións informativas e no pleno se podería ter enriquecido coas achegas dos distintos grupos políticos, tivera que ser minorado, e que das 16 ordenanzas que viñan a aprobación non se puideran elaborar os expedientes de xeito que puideran vir con todas as bendicións técnicas e informes favorables precisos. Por esa razón foi que o BNG solicitou onte que foran retiradas da orde do día, posto que eles, en principio e de maneira xeral, non estaban dispostos a apoiar unhas ordenanzas que contaran cuns informes técnicos desfavorables, aínda que tamén manifestaron que non ían votar en contra delas.

Continúa dicindo que é importante o debate para fixar os prezos e marcar cal é a política de imposición do concello. Pero tamén cre que hai unha segunda parte deste debate moito máis importante, e que ademais está reflectida nalgúns dos informes, que é o feito de que de pouco vale fixar unha serie de prezos e tarifas se despois non hai capacidade de xestión para recadar ese diñeiro, e ese é un tema que van ver cando no tema da subministración de auga os informes falen de que hai un déficit de 400.000 m³ que teñen que pagar todos os veciños de Cambre e que a algún sitio están indo, non saben se por fugas, por conexións fraudulentas, por mal mantemento da rede, ou polo que sexa, pero en todo caso parécelles que se é importante eliminar esa discriminación para coas familias. É importante que os prezos non suban máis que o IPC, pero tamén é importante intentar controlar o fraude e que

todo o mundo que estea consumindo auga no concello, que a pague, porque senón, ao final, os que a están pagando, están pagando tamén a doutros que a consumen.

Di que o mesmo pasa con algúns prezos e tarifas que non se están cobrando, como xa sinalaban algúns grupos políticos nos plenos, por exemplo, polos paneis publicitarios. Son exemplos de que ao goberno lle queda moito traballo por diante e de que este debate no se acaba aquí, porque de nada vale saír cunhas ordenanzas aprobadas e que logo a xestión da recadación dos tributos non se vaia executar.

Conclúe dicindo que, respecto da modificación da ordenanza pola que se lle concedeu a palabra, que é a Ordenanza fiscal n.º 3, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, e a raíz dos informes e das apreciacións que fixo sobre que a subida está dentro do incremento do IPC, o BNG vai votar a prol.

Toma a palabra don Francisco Javier Varela Tejedor para agradecer a exposición xeral que fixo o voceiro do BNG sobre as ordenanzas que se traen a este pleno, e reitera o agradecemento do equipo de goberno á boa disposición amosada, en todo momento, polo BNG. Di que lamenta que por dificultades técnicas e administrativas non se puideran completar os expedientes na medida que politicamente tiñan acordado, e que agarda que esas deficiencias políticas e técnico-administrativas sexan solucionadas no futuro inmediato, porque nesa disposición están. En canto á xestión, coa colaboración de todos os grupos representados no pleno, di que a intentarán mellorar, incorporando os técnicos necesarios para que esa xestión sexa adecuada e redunde en beneficio dos veciños e veciñas de Cambre.

Conclúe dicindo que agradece de novo a súa intervención, e solícítalle que o debate xeral non se reitere cando se traten o resto de ordenanzas fiscais, por non alongar o debate.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que unha vez máis o goberno municipal chegou ao pleno sen os deberes feitos, e que así quedou de manifesto na comisión informativa de onte, onde se tiveron que retirar gran parte das ordenanzas que viñan aquí para a súa aprobación. Cre que existe neste momento un desgobierno.

Respecto da Ordenanza fiscal n.º 3 di que o seu grupo se vai abster, como no resto das ordenanzas, porque tendo en conta os momentos de crise que están padecendo, e os que van vir, e que posiblemente ningún convenio colectivo pase por encima do IPC, onde seguramente haberá moitos ERE, e seguramente moitos traballadores/as terán que irse á rúa, pensa que o goberno municipal debería facer un tipo de contención nunha subida que di que é a do IPC, pero que eles pensan que o IPC é bastante subxectivo, porque marcan un IPC do 5,2%, pero calculando o interanual dende o mes de agosto. Ao seu grupo dálles, segundo os datos publicados, que o IPC é do 4,9% no mes de setembro, polo que están fixando un IPC

interanual bastante relativo. Eles non van votar ningunha ordenanza que supoña un incremento por encima do IPC.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez di que pensa que se deberían centrar en cada ordenanza que están a tratar, porque dar un discurso aquí, como fixo o equipo de goberno e tamén o BNG, dicindo que hai ordenanzas que non se traen porque non se vai aprobar ningún incremento, e que van a quedar igual que estaban, para disfrazar uns incrementos que, como verán ao longo das ordenanzas, superan o IPC, para iso é mellor estar calado. Cre que o que hai que tratar son as ordenanzas que se trouxeron aquí, como se trata sempre nos plenos, todos deben respectar o que se trae ao pleno, que son esas ordenanzas e non outras.

Con respecto á Ordenanza reguladora do imposto sobre vehículos, ese 5,2% que propoñen, xa dixo o anterior voceiro que é relativo, e efectivamente así é. El nesta ordenanza, que se aproxima ao IPC, calculado de agosto a agosto, aínda que parece que agora baixou un pouco, el non vai apoiala, senón que se vai abster.

Sometido a votación ordinaria o ditame favorable á modificación do artigo 1º da Ordenanza Fiscal n.º 3, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 1º da Ordenanza fiscal n.º 3, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que queda redactado como segue:

“Artigo 1º. -

As cotas tributarias do imposto sobre vehículos de tracción mecánica serán as resultantes de aplicar un coeficiente de incremento do 1,748 ás cotas establecidas no artigo 95.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, é dicir:

1.- Turismos:

1.1.- De menos de 8 C.V.F., 22,05 euros.

1.2.- De 8 ata 11,99 C.V.F., 59,60 euros.

1.3.- De 12 ata 15,99 C.V.F., 125,75 euros.

- 1.4.- De 16 ata 19,99 C.V.F., 156,65 euros.
- 1.5.- De 20 C.V.F. en adelante, 195,80 euros.

2.- Autobuses:

- 2.1.- De menos de 21 prazas, 145,65 euros.
- 2.2.- De 21 a 50 prazas, 207,45 euros.
- 2.3.- De máis de 50 prazas, 259,30 euros.

3.- Camións:

- 3.1.- De menos de 1.000 Kgs. de carga útil, 73,90 euros.
- 3.2.- De 1.000 a 2.999 Kgs. de carga útil, 145,65 euros.
- 3.3.- De máis de 2.999 a 9.999 Kgs. de carga útil, 207,45 euros.
- 3.4.- De máis de 9.999 Kgs. de carga útil, 259,30 euros.

4.- Tractores:

- 4.1.- De menos de 16 C.V.F., 30,90 euros.
- 4.2.- De 16 a 25 C.V.F., 48,55 euros.
- 4.3.- De máis de 25 C.V.F., 145,65 euros.

5.- Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

- 5.1 - De menos de 1.000 e máis de 750 Kgs. de carga útil, 30,90 euros.
- 5.2 - De 1.000 a 2.999 Kgs. de carga útil, 48,55 euros.
- 5.3 - De máis de 2.999 Kgs. de carga útil, 145,65 euros.

6.- Outros vehículos:

- 6.1 - Ciclomotores, 7,75 euros.
- 6.2 - Motocicletas ata 125 cc., 7,75 euros.
- 6.3 - Motocicletas de máis de 125 cc. ata 250 cc., 13,25 euros.
- 6.4 - Motocicletas de máis de 250 cc. ata 500 cc., 26,50 euros.
- 6.5 - Motocicletas de máis de 500 cc. ata 1.000 cc., 52,95 euros.
- 6.6 - Motocicletas de máis de 1.000 cc., 105,90 euros.”

Don Francisco Javier Varela Tejedor informa de que a continuación se tratará a modificación da Ordenanza fiscal n.º 4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal expón que neste caso propoñen un incremento que vai do 3,1 ao 3,4%, e que se basea en igualarse cos municipios do contorno, aínda que nin con ese incremento se acada, porque eses outros municipios están nun 3,5 ou 3,6%. Di que como informa a Intervención municipal o límite sería o 4%, e que a proposta se mantén por debaixo desa porcentaxe.

Di que, non obstante, este imposto queren que sexa aplicable exclusivamente aos promotores e construtores, e que por iso están estudando unha redución, que traerán a un próximo pleno, dun 0,50 a un 0,20, de xeito que as familias de Cambre que vaian a facer unha casa dun tamaño inferior a 300 m² non terán ningún tipo de incremento, que si se aplicará a aquelas persoas que constrúan un conxunto de adosados, un edificio, etc., pero que só se trata de igualarnos ao resto dos municipios. Parécelle moi ben que se veña a Cambre a facer negocios, pero que paguen o mesmo que en calquera outro lugar.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que están no mesmo problema que na anterior ordenanza, aínda que esta é bastante máis curta que a anterior e tivo tempo de mirala, pero o único que se expón, aínda que o Sr. Salcines diga, prometa ou xustifique que nun futuro, xa verán cal, reducirá a taxa, o que traen é unicamente o incremento do 3,1 ao 3,4 nas obras que se realicen en Cambre, calquera tipo de obra de iniciativa privada que se realice en Cambre. El xa lle anticipa que o voto do seu grupo vai ser en contra.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que se o seu grupo político ten dúbidas de se van presentar a rebaixa ao 0,5 ou 0,20, el dilles que se dan o seu apoio neste pleno, presentan agora esa redución e xa está.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que el se fía do que lle din polo mesmo que dixo na súa primeira intervención. En setembro do ano pasado o equipo de goberno tachou de ilegal unha proposta presentada polo PP, e agora presentan unha do mesmo estilo, xustificándoa como un acto de valentía política. O que en setembro do ano pasado era unha ilegalidade, en novembro deste ano é unha oportunidade política. Diso é do que el se fía do grupo de goberno.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que as cantidades para poder ser comparadas teñen que ser homoxéneas e neste caso non teñen datos para ver se eses presupostos que fan son homoxéneos co que pasou en setembro. En todo caso, o que están discutindo é o que están discutindo, e non outra cousa.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que con respecto a esta ordenanza xa manifestaron que estaba dentro dos límites do incremento que lles parecían racionais, conta cos informes favorables e, polo tanto, manteñen a posición da comisión informativa e votan a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que isto é unha decisión política xa tomada de antemán polo PSdeG-PSOE e polo BNG, e aínda que o incremento non é demasiado elevado, como é unha decisión política, eles vanse a abster.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que o seu grupo tamén se abstén.

Sometido a votación ordinaria o ditame favorable á modificación do artigo 3º da Ordenanza Fiscal n.º 4, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 3º da Ordenanza fiscal n.º 4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras que queda redactado como segue:

Artigo 3º. - Base imponible, cota e devengo.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, de ser o caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial

do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame.

3. O tipo de gravame será do 3,4 por cento para tódalas construcións, instalacións e obras que se realicen, agás aquelas realizadas polas entidades inscritas no rexistro municipal de asociacións veciñais ou non tratándose de tales asociacións, aquelas nas que o orzamento da obra non supere 1.200,00 euros, as cales tributarán por cota cero.

4. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenza.”

Don Francisco Javier Varela Tejedor informa de que a continuación se tratará a modificación da Ordenanza fiscal n.º 5, reguladora do imposto municipal sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal expón que este é un caso similar ao anterior. O que se tentou foi igualarse aos tipos do contorno, pasando dun 25 a un 26%. É unha subida testemuñal coa filosofía de estar en liña co resto dos municipios.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que o PP se vai abster.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que o BNG vai votar a prol.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o voto de EU-IU vai ser a abstención.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que o GM (PG) tamén se vai abster.

Sometido a votación ordinaria o ditame favorable á modificación dos artigos 6 e 9 da Ordenanza Fiscal n.º 5, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Aprobar provisionalmente a modificación dos artigos 6º e 9º da Ordenanza fiscal n.º 5, reguladora do imposto municipal sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana que quedan redactados como seguen:

“Artigo 6º. - Base imponible.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos.

2. Para determina-lo importe do incremento real a que se refire o apartado anterior, aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo a porcentaxe que corresponda en función do número de anos durante os cales se xerara o dito incremento.

3. A porcentaxe anteriormente citada será a que resulte de multiplica-lo número de anos expresado no apartado anterior pola correspondente porcentaxe anual, que será:

- a) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo comprendido entre un e cinco anos: 3,5.*
- b) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata dez anos: 3,1.*
- c) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata quince anos: 2,8.*
- d) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata vinte anos: 2,8.*

Artigo 9º. - Cota tributaria.

A cota do imposto será a que resulte de aplicarlle á base imponible o tipo do 26 por cento.”

Don Francisco Javier Varela Tejedor informa de que a continuación se tratará a modificación da Ordenanza fiscal n.º 9, reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que como a modificación da Ordenanza fiscal n.º 9 foi, xunto coa n.º 15, obxecto dun único informe económico-financieiro, solicita que se debatan conxuntamente.

O presidente acepta que se realice un debate conxunto e unha votación diferenciada de ambas ordenanzas, a Ordenanza fiscal n.º 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros, e a Ordenanza fiscal n.º 15, reguladora da taxa pola subministración de auga.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que o tema da auga é un dos temas centrais para a Concellería de Facenda porque, como xa dixo o voceiro do BNG, hai que entrar nunha nova fase no que se refire á recadación municipal. Viviuse moitos anos aupados polo sector da construción, pola recadación a través de taxas de inmobles e a través do ICIO, e quizais non se coidaron suficientemente outros aspectos como é a recadación fiscal dentro do municipio. Pero agora corren tempos, e a ninguén se lle escapa, nos que as taxas vinculadas a inmobles van quedar diminuídas dun modo considerable. Pensa que é o momento ideal para comezar a facer un exame de conciencia, e que se faga unha revisión e se busque cales son os puntos flacos que ten o concello e, dende logo, ao seu xuízo, un dos puntos flacos que ten é o tema da auga.

Di que un informe económico amosa que aínda se moven en torno a un déficit por ano duns 300.000 euros, é dicir, do que se trata, o obxectivo dunha taxa, é igualar o custo aos ingresos. Pero cando fala de custo, non fala do custo de EMALCSA, ou do que cobra o Concello de Carral. Cando fala de custo, fala do mesmo custo que ten unha empresa, é dicir, o custo variable do produto máis as amortizacións dos investimentos. Resulta que levan tempo sen amortizar os investimentos e, en consecuencia, estes estanse pagando con cargo a fondos públicos, o que non ten lóxica, porque o normal é que houbera unha igualación. Outros concellos si parece que fixeron os seus deberes e teñen uns prezos moi, moi superiores aos de Cambre. Se se mira ao Concello de Oleiros vese que está un 15% por encima de Cambre, e o de Culleredo un 36%, di que son datos que cita de memoria e, polo tanto, di que se pode equivocar lixeiramente.

Sinala que, por tanto, en Cambre existe moito camiño por percorrer, como indicaron algúns concelleiros. Di que é obxectivo da súa concellería que a partir de mañá mesmo, os técnicos que teña á súa disposición, se dediquen a averiguar onde están eses 400.000 m³, se hai fugas ou se hai fraude, pero que iso non pode continuar así.

Continúa dicindo que as subidas non supoñen para unha familia de Cambre cun consumo normal, máis de 4 euros/ano no recibo da auga. E que ademais desta visión de fondo que acaba de realizar, hai outro elemento máis, que é o tema de evitar unha discriminación. Dicía o voceiro do BNG que isto non é unha bonificación, e comparten o seu punto de vista. Aquí do que se trata é de evitar a discriminación que existe actualmente. Unha familia normal, de 3 ou 4 membros, está consumindo da orde de 60 m³, pero se esa familia ten con eles aos avós, a uns curmáns, ou outros familiares, e en vez de 3 membros son 6, pasan a consumir, como media, 90 m³, iso quere dicir que cada vez que se duchan pagan por esa auga máis diñeiro que un fogar de 3 membros. O que se intenta coa modificación é que paguen o mesmo uns que outros, que a ducha custe o mesmo nunha casa dun membro, que nunha casa

de seis. Pode que tecnicamente Intervención considere isto como unha bonificación, pero esa é unha opinión, e non é vinculante, por iso pensan que deben seguir adiante coa modificación, porque pensan que está nas súas mans evitar unha inxustiza.

Di que, non obstante, e á marxe de que está claro que a lexislación establece que deben procurar que as bonificacións estean vinculadas á renda, como moi ben indicou no seu momento o concelleiro do PP, o certo é que tamén hai sentenzas do Tribunal Constitucional que falan do tema das bonificacións, así por exemplo, a STC 96/2002 que di: “*A exención ou a bonificación, privilexio do seu titular, como quebra do principio de xeneralidade que rexe a materia tributaria, en canto que neutraliza a obriga tributaria derivada da realización dun feito xerador de capacidade económica, só será constitucionalmente válida cando responda a fins de interese xeral que a xustifiquen (por exemplo, por motivos de política económica ou social, para atender ao mínimo de subsistencia, por razóns de técnica tributaria, etc).*” O seu grupo pensa que hai sentenzas que avalarían e defenderían a súa posición. Con iso e cunha carga de razón que consideran importante, e recoñecendo que non foron os pioneiros, senón que os primeiros en traer ao pleno ese tema foi o BNG, pensan que teñen razón e por iso o apoian.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que lle sorprende que o Sr. Salcines non se ruborice nin un pouquiño cando minte. E di iso porque nalgún momento tivo que mentir, ou o fixo en setembro do ano pasado ou está mentindo agora, porque en setembro do ano pasado asegurou que isto era ilegal, e agora amosa sentenzas do Tribunal Constitucional que lle dan a razón.

Di que el se queda con dúas frases, unha do voceiro do BNG que dixo que a este goberno lle queda moito traballo por diante, e outra do Sr. Salcines que dixo que outros concellos fixeron os seus deberes. A primeira conclusión que se extrae do informe económico-financeiro é que neste concello se están perdendo 400.000 m³/anuais de auga, metros que non se cobran, pero que si se pagan. O único responsable desa perda é o equipo de goberno que ten o Concello de Cambre. Pero isto únese á incompetencia que amosaron con este pleno. Trouxeron 16 propostas e delas 10 tivéronse que quedar no tinteiro porque non foron capaces de conseguir os informes oportunos, de conseguir recopilar a documentación oportuna, e iso que eles podían sinalar o pleno para o día que quixeran, se tiveran querido sinalalo para a semana que vén poderían telo feito. Pero sinalárono para o día 11 de novembro, e resulta que traen 10 das 16 propostas sen a documentación. Sinceramente lle parece unha tomadura de pelo, e fala bastante claro de quen está gobernando Cambre neste momento.

Di que fala o Sr. Salcines de discriminar, e preguntalle discriminación a quen, a unha familia rica que teña familia numerosa e que con esta modificación vai a pagar a metade que unha familia pobre que non sexa familia numerosa. Iso si que é discriminación.

Sinala que non sería discriminatorio que unha persoa pagara a auga en función da súa renda, pero que o que traen aquí é unha ordenanza que tanto pode beneficiar á xente con moito diñeiro como á xente con pouco diñeiro. E repítelle o mesmo que dixo onte, os informes da Intervención, para o grupo municipal do PP, non son unha opinión, son informes técnicos totalmente válidos. Non comparten e, evidentemente, rexeitan que o Sr. Salcines trate de opinións os informes de profesionais, con titulación e que están aquí polo seu propio dereito.

Conclúe dicindo que, en resumo, o PP unicamente pode cualificar esta proposta como unha baixada de pantalóns. Esta é unha proposta totalmente ilegal porque así o dixo o Sr. Salcines o ano pasado, en setembro do 2007, que isto era unha proposta ilegal, pero como a trouxo o BNG, que ten que aprobar os orzamentos, o grupo de goberno está disposto a facelo. Esa é a única conclusión que poden sacar diso. En todo caso, como xa dixo na súa primeira intervención, cando se equivocou de parágrafo, eles non están en contra de ningunha bonificación que poida beneficiar a determinadas familias do concello e, polo tanto, tampouco van votar en contra, pero si que se van a abster.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que se congratula de que neste pleno se consideren importantes os informes da Intervención municipal, cando no pleno anterior o PP non aceptou que unha auditoría externa era ilegal, manifestado pola propia Intervención municipal. En todo caso, como non é obxecto deste tema, van seguir co debate.

Don Felipe Andreu Barallobre di que eles non teñen o informe da Intervención no que se lles diga que a auditoría é ilegal, cando o teñan debatirán dese tema.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal di que, en primeiro lugar, os únicos que no que levan de lexislatura puxeron en dúbida a capacidade da Intervención, foi o PP, que quere que se audite.

Di que o que trouxeron aquí, como xa dixo no seu momento, igual non era a vontade do PP, pero foi o que fixeron, posiblemente por expresarse mal, auditar á Intervención municipal. De verdade cre que non desexan facelo, senón que o fixeron por incompetencia, por non saber pedir as cousas, e porque non saben o que é unha auditoría.

Continúa dicindo que, en segundo lugar, o que alegaron no seu momento, cando houbo a primeira petición do BNG sobre o tema da auga, foi que tiñan que estudalo, que de pronto non podían velo. Agora xa o estudaron, cos seus pros e contras.

E, en terceiro lugar, que os únicos que apoiaron neste pleno ás familias ricas foron os concelleiros do PP, que a única medida que prexudicaría aos construtores e aos promotores, recibiu o seu voto negativo.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o Sr. Salcines acaba de contar a mentira máis grande que se dixo xamais no salón de sesións. Acaba de dicir que non tiveron tempo de estudar a oferta, cando o certo é que houbo un pleno extraordinario para iso, un pleno no que di que recordarán que el renunciou á partida económica que lle correspondía porque era un pleno co que se trataba de evitar gastos aos veciños. Di que o Sr. Salcines non pode dicir que non tivera tempo de estudalo cando se presentou ese tema como moción nun pleno extraordinario.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que ten curiosidade por saber a que viña a cita da súa intervención de antes, de que a este goberno lle queda moito traballo, porque, dende logo, non sabe se foi un erro del, pero se houbo un erro non foi nesa frase precisamente, porque isto o mantén, queda moito traballo.

Di que o tema da auga, que é o interesante deste asunto, el pensa que todos tiveron tempo, dende fai un ano, de estudalo, incluído o PP, que el cre que naquel momento dixera, máis ou menos, que se ía dar tempo para estudalo e ver que posición adoptaba no seguinte debate. Di que el non quere dicir se alguén mentiu ou non, pero pensa que, en esencia, foi esa a súa posición para xustificar non apoiar aquela proposta, naquel momento.

Continúa dicindo que houbo un grupo que rectificou a súa posición, supón que porque o estudou mellor, e porque hai determinados informes, aínda que non sexan completos, que así llo fan facer. Outros parece que non se preocuparon durante este ano de estudalo. O BNG comprometeuse durante aquel pleno a que volverían co mesmo asunto para as ordenanzas fiscais deste ano, e así o fixeron, foi unha das primeiras cuestións que puxeron sobre a mesa. Tamén lles dixeron, que lles parecía que sobre o tema da auga e do saneamento, e para xustificar precisamente os novos prezos, había que facer un estudo económico-financeiro porque, entre outras cousas, era necesario saber cal era o estado da situación, e teñen que recoñecer publicamente, e felicitar ao Sr. Salcines, porque ese informe está feito, e ademais está feito para rubor do propio goberno municipal, porque descubre unhas cifras das que

ningún goberno se debe sentir orgulloso, descúbrese un déficit, e unha serie de circunstancias de mala xestión que o que marcan é o camiño para traballar.

Di que esa é unha parte importante, e que el leu hai un tempo que EMALCSA, que é a principal subministradora, tiña pensado, para o novo exercicio, facer unha subida importante da auga que subministra aos concellos, e el supón que os concellos terán que equilibrar tamén o que recaden para poder contrarrestar a situación. A subida que se fai está dentro do razoable e dos criterios que o BNG defendía inicialmente, e iso é un punto para apoialo.

Continúa dicindo que se van ao tema da bonificación, que é o tema que formularon hai un ano, el insiste en que probablemente estea mal expresado o termo bonificación, porque do que se trata é de que nunha vivenda onde viven 5 ou 6 persoas están pagando o litro de auga máis caro que nunha vivenda onde viven 2 ou 3. Non se trata, por tanto, de bonificar a ninguén, senón de facer algo por xustiza, que é que todo o mundo pague o mesmo polo mesmo servizo, aproximadamente, e por tramos.

O que a el lle sorprende é que se veña con cuestións da renda aquí. Se cadra vai ser unha nova proposta para o próximo debate sobre ordenanzas, igual vai haber unha proposta do PP implantando unha especie de IRPF a nivel municipal, na que supón que tamén contemplará que de determinados niveis de renda cara arriba, a xente teña que pagar polo ensino público, por exemplo, porque aí todo o mundo ten dereito, rendas altas e baixas, está considerado como obrigatorio e paga todo o mundo, e non en función da renda.

En todo caso, di que ese é o tipo de política impositiva que non ten nada que ver coa vida municipal, ese debate é noutro sitio onde se vai dar, fundamentalmente no Parlamento español, e aí o PP que fixe as súas posicións, con respecto as subidas e baixadas de impostos, e sobre a que grupos de poboación lles vai afectar principalmente, aínda que eles xa saben que a quen pretenden habitualmente beneficiar son ás rendas máis altas, e non ás rendas do traballo. Aquí do que están falando é de pagar por un servizo e de que hai que recadar polo custo dese servizo, e o que hai que tentar facer é non discriminar á xente que neses momentos está pagando máis polo litro de auga que outros que viven noutra situación. Pensa que é o mínimo que se debe facer, e que é de xustiza, e dí que o BNG neste pleno vai facer unha excepción, porque igual que solicitaron que todas as ordenanzas que non contaran cos informes favorables dos técnicos municipais foran retiradas da orde do día, como así se fixo, neste caso vanse arriscar, e nesta ordenanza, a pesar de que hai unhas notas da Intervención municipal interpretando que pode non ser axustado á normativa, eles, non obstante, van votar a prol e, en todo caso, desde esta corporación ou de fóra dela, quen se sinta vulnerado nos seus dereitos, vai ter todo o dereito do mundo a presentar as alegacións pertinentes, ou a

ir aos tribunais a dirimir a bondade ou maldade desta medida. Eles pensan que a medida é boa e xusta. Se o PP pensa que está vulnerando algún dereito fundamental, o que pode facer é acudir posteriormente aos tribunais.

Conclúe dicindo que o BNG vai apostar por facilitar isto para a xente de Cambre, para as familias numerosas, porque ademais, como explicaron hai un ano, isto é unha reivindicación histórica dos movementos asociativos de familias numerosas que lles pasaron a todos os grupos municipais para defendela, hai aproximadamente dous anos, e que na primeira oportunidade que tiveron eles aquí o trouxeron.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que, en resposta a algunha das manifestacións feitas nesta sala, quere dicir que o grupo de goberno ten a obriga de gobernar. Se o fai ben ou mal iso terán que determinalo os cidadáns, coa crítica da oposición en cada momento. A súa obriga como grupo de goberno minoritario é tratar de chegar a acordos coa maioría dos grupos da oposición, e unhas veces chegaron a acordos con uns, e outras con outros. Neste caso chegaron a un acordo co BNG, sen prexuízo de que poidan facelo con outros. En todo caso, posicionando as propostas, a Ordenanza fiscal n.º 9 conta cun informe favorable da Intervención, e a Ordenanza fiscal n.º 15 non conta con informe en contra, senón cun informe no que se fan unha serie de recomendacións que tentarán recoller na medida do posible.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que están falando dunha ordenanza que sube o IPC na acometida, e que sube un 8,7 % no que se refire ao m³ de auga consumida. Neste punto el pensa que o concello está deixando de percibir un diñeiro importante, motivado fundamentalmente en que fan en moitas zonas do concello os traballos de acondicionamento pero os veciños non poden enganchar. Xa o falaron o outro día no pleno, e xa presentaron iniciativas sobre este tema, pero levan máis dun ano con todos os traballos feitos e o concello está deixando de percibir unha cantidade importante polo enganche e pola taxa da rede de sumidoiros.

Di que dado que o incremento do m³ de auga consumida é do 8,7%, como xa dixo antes, o seu grupo se vai abster.

Engade que tampouco pode deixar de mencionar o que xa se dixo, por activa e por pasiva, respecto dos 400.000 m³ de auga que supostamente se van polo sumidoiro. El non sabe por onde van, pero o certo é que o Concello de Cambre está deixando de percibir unha cantidade moi importante de diñeiro. Dixo antes o Sr. Salcines que outros concellos fixeron os deberes, el non sabe se Cambre os fixo, pero nalgunhas cousas está seguro que non.

Di que no pleno de abril de 2008, EU-IU presentou unha iniciativa para que por parte dos servizos xurídicos do concello se fixera un informe para determinar se a empresa subministradora de auga, EMALCSA, que ten as súas instalacións e infraestruturas en parte no Concello de Cambre, tiña que aboar algún tipo de imposto ou canon. Están en novembro e aínda non recibiron resposta. El, a falta dun informe que diga o contrario, si que pensa que EMALCSA ten algunha obriga co Concello de Cambre.

Por outra parte, di que o concello está pendente dunha nova adxudicación do servizo de augas, por estar este prorrogado fóra dos límites, e iso tamén habería que telo en conta.

Di que quere insistir no que xa dixo antes, que están deixando de percibir moito diñeiro, en moitas ordenanzas. Antes xa se mencionou unha iniciativa que eles xa teñen presentado tres veces, o tema dos paneis publicitarios, co que non se fixo nada, a pesar das súas tres iniciativas, e a pesar do escrito presentado polo Rexistro de Entrada do concello, solicitando a relación, o número, e o lugar de colocación dos paneis instalados no concello polas empresas de publicidade. Tamén solicitaron nese mesmo escrito que se lles entregara unha copia dos informes realizados polos técnicos municipais en relación con este asunto. Tamén a relación dos ingresos obtidos dende o primeiro día da instalación en concepto de licenzas e taxas, solicitado ao Departamento de Intervención, do que é responsable o Sr. Salcines, e a forma en que foi ingresado e contabilizado o diñeiro nas arcas municipais, e quen autorizou a aprobación dos m² ocupados en terreo público e privado.

Di que en Cambre hai instalados un montón de paneis publicitarios que, baixo o seu punto de vista, deberían ter un preceptivo informe, licenza e abono. Pregúntase onde está ese diñeiro, cando resulta que para poñer un simple sinal se cobra, e para uns paneis que teñen 50 metros, nada, cando resulta que nun terreo privado poden estar cobrando ata 300.000 pts/ano.

Dille ao Sr. Salcines que aquí non se fixeron os deberes, que isto foi unha iniciativa presentada no mes de abril e a día de hoxe non se contestou. Pregunta se o goberno municipal ten pensado facer unha ordenanza para regular este tipo de instalacións, ou incluíla nalgunha que xa exista. Di que se o concello recadara ese tipo de diñeiro, ao mellor non habería que subir tanto outras ordenanzas.

Conclúe dicindo que o seu grupo esta de acordo coa salvidade feita polo BNG, xa o dixeron o ano pasado, consideran que é unha medida importante, tamén respectan moito o informe

da Intervención, pero en coherencia co que veñen expresando en todas as ordenanzas, e tendo en conta que a subida está por encima do IPC, vanse abster.

Don Francisco Javier Varela Tejedor agradece ao Sr. Taibo as súas manifestacións. Non pretende dicir que sexa mérito deste goberno recoñecer que hai 400.000 m³ de auga sen cobrar, pero parécelle, polos datos que puido obter, e pode estar equivocado porque a investigación non foi moi exhaustiva, que non é unha situación nova, senón que ven de antes, e ninguén dos que están nestes momentos, nin dos que estiveron antes, dixeron nada ao respecto. Repite que non pensa que sexa un motivo de mérito, pero pensa que, polo menos, é bo que o goberno recoñeza que ese problema existe, e a partir de aí tratarán de solucionalo.

Don Luis Taibo Casás contéstalle ao Sr. Varela Tejedor que el non lembra se foi en comisións ou nun pleno, pero que si que se tiña falado do tema publicamente. El lembra que o BNG, no ano 2000, xa pedía unha auditoría exterior sobre o tema da auga.

Don Francisco Javier Varela Tejedor recoñece iso, pero di que os datos concretos sobre a situación non se tiñan posto sobre a mesa ata este momento.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el vai tratar estas ordenanzas de xeito xeral, porque tanto a taxa de sumidoiros como a subministración de auga van xuntas nunha factura, e dá grazas a que neste concello practicamente está instalada a auga en todos os núcleos.

Di que lendo o estudo económico-financeiro sobre o servizo de auga e rede de sumidoiros hai un parágrafo que di: *“Hai que ter en conta unha consideración importante na realización do presente estudo. Ten que entenderse como un estudo estimativo e orientativo, en ningún caso se pretende ofrecer un estudo detallado, iso porque existen datos difíciles de obter, máximo cando non se dispón, por exemplo, dun inventario de bens, nin dunha contabilidade que reflecta a imaxe fiel do patrimonio municipal para poder calcular as amortizacións dos investimentos correspondentes aos servizos en cuestión.”* Máis abaixo di: *“Do estudo das cantidades de metros cúbicos que se adquiren e se subministran resulta un dato moi preocupante, que é que arredor de 400.000 m³ dos que se adquiren polo concello non pasan polos contadores dos aboados, e non son facturados, polo que se consideran perdidos.”*

Di que a el lle parece que se poden perder moitos m³, non sabe de que maneira, pero ao mellor resulta que cando hai algunha rotura dalgunha tubaxe ou colector, ao mellor non se lle cobran os m³ perdidos a quen o rompe. Non sabe se hai algún dato sobre isto. Tamén hai

roturas fortuítas por desgaste da tubaxe, ou polo que sexa, que si terá que asumir o concello, pero, dende logo, a maior parte é por imprudencias de terceiros.

Di que esta é unha taxa que van pagar practicamente todos os veciños de Cambre e, por exemplo, na subministración de auga súbese ata 30 m³ un 8%, entre 30 e 90 m³ un 7,5%, máis de 90 un 5,8%, é dicir, estase primando o consumo de auga, cando dende todos os sitios se está pedindo que se aforre. Pregunta se temos que premiar que se consuma máis ou menos, porque o que se está facendo é gravar o consumo doméstico ata 30 m³, e que non sabe se non habería que tomar máis conciencia do tema.

Continúa dicindo que como xa se fixeron outras referencias ao pleno do mes pasado, el tamén quere facelas. Di que nese pleno se dixo que no concello se tiña un remanente de máis de 2 millóns de euros, que non se sabía moi ben de onde viñeran nin para que eran, a parte doutras cantidades importantes de diñeiro que están metidas a prazo nalgunha entidade bancaria. Parécelle que isto é unha administración pública que está para gastar o diñeiro dos impostos dos veciños onde hai que gastalos, e onde son necesarios, e pensa que nestes temas de servizos que afectan á maior parte dos veciños habería que buscar solucións e non gravar aos veciños con case o dobre do que vai subir o IPC. A el iso parécelle rirse dos veciños con absoluto descaro, por tanto, vai votar en contra de ambas ordenanzas.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez dille ao Sr. Varela Tejedor que antes sinalou que ninguén dixera nada aquí do despilfarro de auga. El quere dicirlle que si se dixo. El mesmo dixo que o Concello de Cambre era o único concello da área metropolitana que sufriu restricións en verán, a pesar de ter o encoro de Cecebre e a planta de tratamento. E dixo que cando sufren restricións é porque a tubaxe é obsoleta e cando aumenta a presión hai fugas. Tamén lle di que cando unha empresa fai unha obra en Cambre e rompe a rede de auga potable, nunca se lle cobrou nada a ninguén, sen importar a auga que se perdera, non se ten ningún tipo de control sobre iso, e os que o están pagando son os veciños de Cambre.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que se intentarán solucionar todos eses problemas.

Sometido a votación ordinaria o ditame favorable á modificación provisional do art. 5º da Ordenanza fiscal n.º 9, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e os catro concelleiros do BNG, vota en contra o concelleiro do GM (PG) e abstéñense os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5º da Ordenanza fiscal n.º 9, reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros que queda redactado como segue:

“Artigo 5º. - Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 95,00 euros.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos do apartado 1.b) do artigo 2º, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos consumida polo usuario.

A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

- 0,25 euros por metro cúbico, xa sexan de vertidos de auga depurados ou sen depurar.

En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable por subministración. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.

3. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos do apartado 1.c) do artigo 2º, determinarase en función dos metros cúbicos de capacidade da cisterna ou depósito móbil dende o que se realice o vertido, aplicándose a tarifa de 0,25 euros por metro cúbico.

A tal efecto, o suxeito pasivo deberá presenta-la documentación pertinente relativa ó volume do vertido no momento de solicita-la licenza.”

Sometido a votación ordinaria o ditame favorable á modificación provisional dos artigos 5º e 6º da Ordenanza fiscal n.º 15, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e os catro concelleiros do BNG, vota en contra o concelleiro do GM (PG) e abstéñense os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Aprobar provisionalmente a modificación dos artigos 5º e 6º da Ordenanza fiscal n.º 15, reguladora da taxa por subministración de auga que quedan redactados como seguen:

“Artigo 5º. - Beneficios fiscais.

1.- Aplicarase unha bonificación do 100% sobre ó mínimo facturable determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ó respecto. Os excesos facturaránse segundo as tarifas establecidas nos apartados 1.2 e 1.3 do epígrafe 1 do artigo seguinte.

2.- Establécese unha bonificación das cotas para o consumo doméstico da auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular da póliza de abono ostente a condición de titular de familia numerosa, sempre que todos os membros estean empadroados na mesma vivenda.

O beneficiario da bonificación terá que ser titular da póliza de abono á subministración da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación. O número de fillos acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.

A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ó trimestre seguinte á do acordo de aprobación da mesma.

O importe das bonificacións será o seguinte:

a) Nos abonos de vivendas habitadas por menos de oito persoas, disfrutarán dunha bonificación no prezo dos m³ consumidos no trimestre que superen os 30. Así, nestes casos aplicarase a tarifa 1.B e non a tarifa xeral.

b) Cando a vivenda estea habitada por oito persoas ou máis, disfrutarán dunha bonificación no prezo dos m³ consumidos no trimestre que superen os 30. Nestes casos será de aplicación a tarifa 1.C e non a tarifa xeral.

Artigo 6º. - Cota tributaria.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguintes:

Epígrafe 1. Usos domésticos:

1.A. Tarifa xeral:

1.1. Ata 30 m³ trimestre, a 0,40 euros cada m³.

- 1.2. Máis de 30 e menos de 90 m³ trimestre, excesos a 0,57 euros cada m³.
- 1.3. Máis de 90 m³ trimestre, excesos a 1,09 euros cada m³.

1.B. Tarifa bonificada para titulares de familia numerosa e de pólizas de abono en vivendas, nas que convivan máis de cinco membros ata oito (artigo 5.2.a da presente ordenanza):

- 1.1. Ata 60 m³ trimestre, a 0,40 euros cada m³.
- 1.2. Máis de 60 e menos de 90 m³ trimestre, excesos a 0,57 euros cada m³.
- 1.3. Máis de 90 m³ trimestre, excesos a 1,09 euros cada m³.

1.C. Tarifa bonificada para titulares de pólizas de abono en vivendas nas que convivan máis de oito membros (artigo 5.2.b da presente ordenanza):

- 1.1. Ata 90 m³ trimestre, a 0,40 euros cada m³.
- 1.2. Máis de 90 e menos de 120 m³ trimestre, excesos a 0,57 euros cada m³.
- 1.3. Máis de 120 m³ trimestre, excesos a 1,09 euros cada m³.

O mínimo facturable por aboado será de 30 m³ trimestre.

Epígrafe 2. Usos non domésticos:

- 2.1. Ata 30 m³ trimestre, a 0,57 euros cada m³.
- 2.2. Entre 30 e 3.000 m³ trimestre, excesos a 0,75 euros cada m³.
- 2.3. Máis de 3.000 m³ trimestre, excesos a 1,06 euros cada m³.

O mínimo facturable por aboado será de 30 m³ trimestre.

Epígrafe 3. Tarifas especiais:

3.1 Cando o aboado sexa unha entidade inscrita no rexistro municipal de asociacións veciñais e a subministración se destine a uso deportivo, cultural ou cívico, ou se trate de unha institución relixiosa que o destine á súa finalidade:

Tódolos m³ a 0,28 euros cada m³. O mínimo facturable por aboado será de 30 m³ trimestre.

3.2 Cando se trate doutra Entidade Local á que se lle subministre auga procedente do municipio de Carral:

Tódolos m³ a 0,47 euros cada m³ sen mínimo facturable.

Epígrafe 4. Outras tarifas:

4.1. Enganche á rede e primeira contratación do servizo, 100,00 euros.

4.2. Formalización de póliza de enganche por cambio de titularidade, 37,00 euros.”

Así pois, a corporación municipal, por vinte votos a prol, respecto da modificación da Ordenanza Fiscal n.º 1, e dez votos a prol, respecto das Ordenanzas Fiscais n.º 3, 4, 5, 9 e 15, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente para o exercicio 2009 a modificación das Ordenanzas fiscais n.º 1, 3, 4, 5, 9 e 15, tal e como foron transcritas.

Segundo: As ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas nos acordos precedentes, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

Terceiro: As citadas modificacións comezarán a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2009, e manteranse vixentes ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cuarto: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto das modificacións aprobadas.

Sexto: Deixar sobre a mesa a modificación das Ordenanzas fiscais n.º 6, 7, 10, 11, 12, 13, 14, 16, 18 e 20, incluídas na proposta do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego de data 23 de outubro de 2008, co fin de que se complete o seu estudo e se achegue a documentación necesaria.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Francisco Javier Varela Tejedor

M^a Luisa de la Red Ampudia